

ACTOS DO DÍA



SANTIAGO

11.30 h. Escola Galega de Administración Pública. (EGAP). A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentará a campaña *Un de cada cinco*, de sensibilización e prevención da violencia sexual contra a infancia.

12.00 h. Casa do Concello.

Rolda de prensa do voceiro do grupo municipal socialista, Paco Reyes, acompañado polo alcalde de Oroso, Manuel Mirás, o de Brión, José Luis García, e os voceiros socialistas de Teo e Ames, Uxía Lemus e José Miñones.

12.30 h. Sala de profesorado / Facultade de Xeografía e Historia. A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, asistirá ao acto conmemorativo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, organizado pola USC.

13.30 h. LAB da Cidade da Cultura. A Secretaría Xeral de

Política Lingüística participará na presentación de Videoxogos! que se desenvolverá no LAB da Cidade da Cultura. O resto do día o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, e o director da Agadic, Jacobo Sutil, asistirán aos distintos eventos deste primeiro encontro de empresas.

A CORUÑA

12.30 h. Praza de María Pita. A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá ao acto institucional do Día internacional contra a violencia de xénero, organizado polo Concello da Coruña.

PONTEVEDRA

12.00 h. Pazo da Cultura de Pontevedra. O director xeral de Centros e Recursos Humanos, José Manuel Pinal, participará na inauguración do V Encontro Galego, en conmemoración do 60 aniversario do Plan de Escolas Asociadas da UNESCO.

VIGO

11.00 h. Empresa Europrecis / Camiño Viño, 16. A delegada territorial da Xunta en Vigo, María José Bravo Bosch, realizará unha visita á empresa Europrecis, auxiliar do sector metalúrxico.

A AXENDA DA XUNTA



10.00h. Pazo do Hórreo. O presidente da Xunta asistirá ao Pleno sobre o Debate de Totalidade do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.

20.30h. Vigo / Centro Social da Fundación Novacaixagalicia (Policarpo Sanz, 26). O man-

datario galego, Alberto Núñez Feijóo, acompañado por membros do Executivo autonómico, presidirá a presentación do libro *Humor gráfico* en Faro de Vigo: 90 anos de sorrisos, no marco dos actos conmemorativos do 160 aniversario de Faro de Vigo.


12 GALICIA

EL CORREO GALLEGO

LUNES
25 DE NOVIEMBRE DE 2013



Diego Peña, Dolores Pérez Meirás e Enrique Guitián (sen bata), acompañados do seu equipo.



Francisco Rivadulla, de pé e á esquerda, co seu grupo de investigación.

O primeiro centro singular de investigación creado na USC medra en excelencia

O Ciqus acubilla as primeiras Starting Grant e Advanced Grant da USC // Son parte dos froitos dun novo modo de funcionar avaliado dende fóra e que racha as fronteiras entre especialidades // Pegou un importante salto en produción e impacto científicos

IOLANDA CASAL
Santiago

O Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (Ciqus) da USC non é o único lugar no que se fai ciencia de excelencia en Galicia. Pero si é o primeiro universitario no que os seus membros foron seleccionados por expertos de prestixio alleos á institución e

que asumiron un compromiso de calidade avaliado de forma continua. O exame corre sempre a cargo de especialistas alleos á USC e o seu veredicto no horizonte de 2014, de ser negativo, poderá supoñer a perda de pertenza ao centro. Á espera de coñecerse estes resultados, o balance a dous anos da posta en marcha do plan estratéxico do Ciqus é claramente po-

sitivo, cun importante salto en produción e impacto científicos dos seus grupos que desafia os malos tempos para a ciencia en España.

O centro acubilla o primeiro investigador novo recoñecido cunha Starting Grant na USC, Francisco Rivadulla; e outro dos seus membros, José Luis Mascareñas, vén de conseguir unha Advanced Grant, a

versión sénior das axudas europeas para os mellores científicos. Ambas axudas rozan os 4 millóns de €.

O de Mascareñas é ademais un dos grupos de referencia competitiva segundo a Xunta, unha etiqueta acompañada de cartos que comparte o equipo de Ricardo Riguera, que investiga en polímeros.

Outras tres persoas contan con axudas galegas a

grupos con potencial crecemento e proxectos de cinco investigadores foron seleccionados nas únicas axudas a proxectos universitarios que a Xunta, concebidas para menores de 41 anos, pero curiosamente vetadas aos profesores titulares.

Varios científicos do centro participan tamén en proxectos e consorcios europeos, avanzando nun dos retos autoimpostos, o da in-

ternacionalización, explica a directora do centro, Dolores Pérez Meirás.

En conxunto, os grupos do Ciqus captaron case 2,5 millóns en distintas convocatorias en 2013, sen contar aínda a Advanced Grant e malia o parón do Goberno central neste terreo.

APOIO A INDITEX. A boa marcha reflíctese tamén na pegada crecente do seu traballo nas revistas científicas de prestixio. No último ano chega a un artigo ao mes nas de factor de impacto maior a 10, dous en *Nature* e *Science*.

Malia a crise, e a que a investigación do Ciqus é básica, tamén hai "avances importantes" na relación coas empresas. O mellor exemplo é o de Javier Sardina, consultor científico de Inditex en temas de produción téxtil. En transferencia de coñecemento hai que contar tamén 3 empresas *spin-off* fundadas dende 2000 por investigadores do centro e 9 patentes entre 2012 e 2013.

A clave do éxito é individual, pero tamén colectiva

“

Rocío Mosquera

CONSELLEIRA DE SANIDADE

“Los profesionales piden un cambio de modelo retributivo porque reconocen que lo de café para todos es bastante injusto”



Mosquera confía en un acuerdo sobre el nuevo modelo retributivo de los médicos

SANIDAD La conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, aseguró ayer que “trabaja” con los sindicatos para buscar un nuevo modelo retributivo que reconozca los méritos de los profesionales sanitarios que “están pidiendo recuperar la carrera profesional” pero “no como estaba planteada, sino de otra manera”. Así lo aseguró en una entrevista concedida a la Ra-


dio Galega, en la que también reconoció que los trabajadores de la sanidad pública “perdieron mucho poder retributivo” pues “parte de la crisis está siendo soportada por los funcionarios en su conjunto y por los profesionales sanitarios en concreto”. Con todo, Rocío Mosquera destacó que la gallega “es la sexta comunidad autónoma que mejor retribuye a los

profesionales médicos”. Cuestionada sobre la posibilidad de llegar a acuerdos que evite la huelga convocada en la sanidad pública gallega convocada para el 9 y el 10 de diciembre, la conselleira de Sanidade trasladó un mensaje de “tranquilidad” a los pacientes al asegurar que, de seguir adelante, “se reprogramarán” las operaciones previstas “en el menor tiempo posible”. E.P.

LUNES
25 DE NOVIEMBRE DE 2013

EL CORREO GALLEGO

GALICIA | 13



O catedrático José Luis Mascareñas, sentado, xunto aos membros do seu grupo de investigación. Fotos: Fernando Blanco

CATALIZADORES METÁLICOS CON APLICACIÓN CELULAR

●●● As Advanced Grant só se conceden a directores de investigación “recoñecidos como excepcionais”, indica o Consello Europeo de Investigación, o organismo que as reparte. José Luis Mascareñas é o único galego que traballa na súa terra que a acadou, despois de que Liz Marzán fose fichado polo País Vasco. Dende o Ciqus, nos vindeiros 5 anos contará con 2,3 millóns de euros do programa Ideas para aplicar métodos de síntese química con catalizadores metálicos, normalmente empregados na industria, para trasladar a súa función ás células. “A idea é complementar a función dos enzimas naturais. No futuro, isto pode ter relevancia no desenvolvemento de novas tácticas terapéuticas e de diagnóstico temperán de enfermidades”, conta.

MOLÉCULAS PARA A NOVA REVOLUCIÓN ELECTRÓNICA

●●● O equipo de Dolores Pérez Meirás, Enrique Guitián e Diego Peña vén de embarcarse nun consorcio europeo que quere avanzar cara a un paso de gigante na miniaturización dos dispositivos electrónicos, ata reducilos a moléculas. “Daquela poderían facerse ordenadores de tamaño minúsculo”, explica Diego Peña, responsable na USC do proxecto, posible grazas á colaboración de químicos e físicos do mundo da investigación pública e empresarial. Coordínanos o CNRS (o equivalente francés do CSIC), e tamén participan o instituto de investigación de IBM en Zürich, o Centro de Física de Materiais do CSIC e catro institucións de Alemaña, Finlandia e Polonia. A USC prepara as moléculas.

NOVOS MATERIAIS TERMOELÉCTRICOS

●●● Francisco Rivadulla gañou en 2010 a primeira axuda Starting Grant da USC e a segunda de Galicia para desenvolver un proxecto na procura de novos materiais termoeléctricos, a base de nanoestruturas, capaces de converter a enerxía térmica en eléctrica. Estas axudas europeas, a súa de case 1,5 millóns, busca apoiar os mellores investigadores novos a crear a independizarse e crear os seus propios equipos. Rivadulla xa contratou doutorandos e posdocs de Grecia, Estados Unidos ou a prestixiosa Universidade de Singapur. A mágoa, lamenta, é que os recortes lle impiden captar persoal por outras vías e máis aínda estabilizar a ninguén. “O 1 de xaneiro de 2016 volverei estar eu so. É ilóxico”.

e organizativa. “Co noso xeito de funcionar podemos orientar mellor a investigación cara a conseguir os obxectivos estratéxicos relacionados coa excelencia científica, a transferencia do coñecemento e a internacionalización. E sobre todo con aproveitar sinerxías, desenvolver na medida do posible investigación colaborativa, compartir a experiencia de grupos de diferentes disciplinas e optimizar a xestión dos recursos”, di a directora.

“Estar nun centro singular permite saír dos guetos que temos nos departamentos universitarios”, engade Diego Peña. “Aquí temos que falar con xente doutros departamentos e seminarios conxuntos nos que explicamos a unha persoa de fóra do noso ámbito o que facemos. Iso xa é suficiente para que xurdan ideas”, di.

PRESIÓN POSITIVA. Pero a directora e outros compañeiros coinciden en que a avaliación continua á que son sometidos tamén exerce un “unha presión

en positivo” para avanzar. En 2012, o Ciqus tivo unha avaliación intermedia da comisión externa. “Foi moi positiva. Identificáronse os grupos de referencia de categoría internacional e tamén se trasladaron recomendacións aos que necesitaban algunha mellora. Os grupos tomáronas moi en serio”, destaca Meirás. “O feito de que foramos seleccionados e sexamos avaliados crea unha competencia sana”, engade Mascareñas.

Meirás destaca ademais nos sinais de identidade o labor formativo, recompensado con distincións colleitadas por alumnos de doutoramento, como unha medalla de prata do European Young Chemist Award e dous premios Lilly.

O Ciqus conta dende 2010 cun edificio no Campus Vida, construído con fondos Feder de convocatorias competitivas e apadriñado na súa inauguración polo Nobel Harold Kroto. “A cabeza é o máis importante, pero gañamos espazo para movernos nos laboratorios, seguridade, ausencia

de olores... Traballas con máis cómodo e podes ser máis eficiente”, prosegue o único Advanced Grant en Galicia tras a marcha de Liz Marzán ao País Vasco. Pero o xerme do Ciqus é de 2008, cando o comité externo identificou as liñas temáticas e seleccionou os docentes da USC polo seu currículo e a súa adecuación temática ao proxecto.

O modelo de funcionamento imita o de centros de investigación punteiros en todo o mundo, aínda unha excepción en Galicia e España. Na USC tamén o seguen o Centro de In-

vestigación en Medicina Molecular e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información.

Os tres foron bautizados como singulares, unha denominación que agora fai súa a Xunta para referirse a 8 agrupación estratéxicas de investigación formadas “ao redor dos grupos máis dinámicos do Sistema Universitario de Galicia”.

APOIO ECONÓMICO. Por primeira vez, estas agrupacións recibirán unha axuda fixa para garantir o seu funcionamento, 350.000 € ao ano. “É moi importante para manter unha estrutura mínima de centro, cunha dotación de persoal técnico e de apoio xeral e algunha política de captación de talento, aínda que sexa a un nivel moi discreto”, valora a directora. “O traballo que fai o xestor de innovación, Fernando Casal, para min é fundamental. Está ao tanto de todas as convocatorias que saen, axúdanos a cubrir parte dos proxectos e a establecer relacións con grupos e empresas”, recoñece Francisco Rivadulla.

EN CIFRAS

34 profesores da USC e un científico do CSIC son investigadores principais do Ciqus. Con eles traballan 30 posdocs, 100 doutorandos, 22 alumnos de máster, 8 técnicos, un xestor de I+D, outro de contas e un administrativo. 25 membros son de países estranxeiros.